

CONVOCATORIA DE AXUDAS DA ACCIÓN ESTRATÉXICA EN SAÚDE 2025

No B.O.E. de data 12 de decembro de 2024 publicouse o Extracto da Resolución do 10 de decembro de 2024, da Dirección do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2025 mediante tramitación anticipada de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde (Liñas Estratéxicas de Investigación en Saúde 2024-2027), cuxo texto completo pode consultarse na Base Nacional de Subencions, con identificador [BDNS:801915](#)

O obxectivo destas axudas :

- Contratación de investigadores destinados á formación no campo das ciencias e tecnoloxías da saúde mediante a realización dunha tesis de doutoramento nos centros do SNS e en colaboración con empresas do sector sanitario.
- Contratación de persoal para realización de actividades de apoio á xestión da I+D+I nos IIS
- Contratación de profesionais exclusivamente nas entidades sanitarias de titularidade pública con actividade clínica-asistencial con formación sanitaria especializada no ámbito das ciencias e tecnoloxías da saúde .
- Contratación de Doutores recentemente titulados no campo das ciencias e tecnoloxías da saúde, para perfeccionar a súa formación.
- Contratación de Doutores de acreditada traxectoria investigadora.
- Contratación de persoal facultativo con experiencia en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde.
- Contratos para á intensificación investigadora.
- Mobilidade de investigadores.
- financiamento de proxectos de I+D+i en saúde, como principal fonte de soporte á investigación realizada dentro do SNS e nos centros de investigación vinculados ao seu ámbito.
- A incorporación de novos grupos de investigación ao Consorcio CIBER
- Desenvolvemento de proxectos de colaboración internacional para abordar de forma conxunta e coordinada os grandes desafíos da sociedade, contribuíndo á consolidación do Espazo Europeo de Investigación.

A contía máxima destinada ás axudas ascende a 159.383.044,80 euros.

O prazo de presentación de solicitudes é:

1. Proxectos de desenvolvemento tecnolóxico: 11 de febreiro ao 4 de marzo de 2025.
2. Contratos de Xestión en investigación en saúde e contratos do persoal técnico bioinformático de I+D+i nos IIS: 12 febreiro ao 4 de marzo de 2025.
3. Contratos Río Hortega e Sara Borrell: 12 de febreiro ao 5 de marzo de 2025
4. Proxectos de investigación clínica independente: 12 febreiro ao 6 de marzo de 2025.
5. Contratos Intensificación e axudas a mobilidade (M-AE e M-BAE): 13 de febreiro ao 5 de marzo de 2025.
6. Contratos Miguel Servet e Juan Rodés: 13 de febreiro ao 6 de marzo de 2025.
7. Proxectos de I+D+I en salud: 18 de febreiro ao 18 de marzo de 2025.
8. Incorporación de novos grupos ao CIBER: 20 de febreiro ao 11 de marzo de 2025.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Convocatoria
Axudas da Acción
Estratéxica en
Saúde 2025

Extracto
Convocatoria
Axudas da acción
Estratéxica en
Saúde 2025

Fichas da
Convocatoria
AES-LEIS 2025

9. Contratos PFIS e i-PFIS: 20 de febreiro ao 13 de marzo de 2025.

10. Proyectos de colaboración internacional : 2 de outubro ao 30 de outubro de 2025.

O prazo de presentación das solicitudes en todas elas remata ás 15:00 horas (hora peninsular española).

Acceso á sede electrónica [click aquí](#).

No lateral dereito dispoñedes da convocatoria, o extracto da convocatoria e as fichas resumo.